

#### IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 2 de setembro de 2013 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.*

Mediante a Orde do 28 de maio de 2013 convocouse concurso de méritos específico entre funcionarias/os de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

En aplicación do disposto no artigo 6 da citada convocatoria, esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

#### DISPÓN:

Primeiro. Facer pública, no anexo a esta orde, a adjudicación definitiva dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 8 da citada orde, os seleccionados quedarán adscritos aos postos obtidos con data do 1 de setembro de 2013 por un período dun ano e un máximo de seis, coa reserva do posto de traballo de orixe.

Terceiro. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2013

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



## ANEXO

Apelidos e nome	DNI	Denominación da praza
Girón García, M <sup>a</sup> José	33229140M	Asociación para a Formación e o Emprego de Mozos Discapacitados (Santiago de Compostela)
Blanco Álvarez, M <sup>a</sup> Dolores	32810411Z	Once (A Coruña)
Vidal Vidal, Paula	32835166K	Once (A Coruña)
Silva Baldonado, María Lidia	52480479E	Once (Ourense)
Domínguez Besada, Ana Belén	44088590M	Once (Pontevedra)
Uceira Rey, Eva	32828102H	Aspanaes (A Coruña)
Beltrán Ortiz, Edda Georgina	46897489Y	Secretaría Xeral para o Deporte (A Coruña)
Lorenzo López, Carlos	33856842Z	Secretaría Xeral para o Deporte (Lugo)
Carreira Varela, M <sup>a</sup> Carmen	33837898E	Centro Santo Anxo de Rábade (Lugo)
Losada Vázquez, Eugenio	52482519S	Centro Santo Anxo de Rábade (Lugo)-ámbito sociotecnolóxico
Carregal González, Yolanda	33308883F	Centro Santo Anxo de Rábade (Lugo)-ámbito sociolingüístico
Ares Casal, María Paz	33264759C	Centro de Atención Específica Monteledo (Ourense)
Niebla Saavedra, Juan	32621937W	Escola de Especialidades Antonio de Escaño-Ferrol (A Coruña) Equipamentos electrónicos
Amor Boquete, Yolanda	79319085C	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

